



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000035

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e dous de outubro de dous mil vinte e catro, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 621 de data 21 de outubro/2024 e baixo a Presidencia da Sra. Tenente Alcalde, dona Rosa Ana García López: don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas o sr alcalde don Alberto González Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 08.10.24 (ORDINARIA).-

A tenente alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 08.10.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA A TRAVÉS DO PROGRAMA FO206/2025, SUBVENCIÓN PARA PERSOAL TÉCNICO MUNICIPAL EN XESTIÓN CULTURAL.-

“Vistas as *Bases Reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2025* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 198 de data 14 de OUTUBRO de 2024, cuxo “*Extracto da resolución número 41462 do 14 de outubro de 2024 da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2025* foi publicado no BOP núm 200 de 16 de outubro de 2024 e sendo de gran interese para esta alcaldía solicitar subvención para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2025 .

PROPONSE,

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Deputación da Coruña a través do programa FO206/2025 subvención para PERSOAL TÉCNICO MUNICIPAL EN XESTIÓN CULTURAL a xornada completa por importe de 15.000,00 euros ó abeiro da citada convocatoria.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 17 de outubro de 2024.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A003/000013).

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

.- Licenza de obra maior.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 316/2023 Tedec 2024/U022/000001

.- Expte. de obras 316/2023.- [REDACTED] representado por Cristina Agulló Robles, **solicita licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de **Avda. Porta do Sol, 48, parroquia de Valdoviño, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº9188409NJ6298N0001ZM).**

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico e de Execución de vivenda unifamiliar, redactado pola arquitecta Cristina Agulló Robles, achegado o 30/12/2023 (sen visar).
- Proxecto Básico e de Execución de vivenda unifamiliar, redactado pola mesma arquitecta, achegado o 13/06/2024 e visado o 13/06/2024 (substitúe ao anterior).
- Documentación complementaria (memoria descritiva, memoria urbanística, planos 01-sit e 02-emp), redactada pola mesma arquitecta, achegada o 04/07/2024 e visada o 04/07/2024.
- Documentación complementaria (memoria descritiva, memoria urbanística, planos 01-sit, 02-emp, 04-PR PB, 05-PR PC, 06-PR alzados, 10-PR ELE, 11-PR ACS, 12-PR CAL, 23-PR SAN, 14-PR VEN, 18Topografía), redactada pola mesma arquitecta, achegada o 14/08/2024 e visada o 14/08/2024 (substitúe á anterior achegada o 04/07/2024).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e

calificado, como **SOLO URBANO. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVIENDA UNIFAMILIAR**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal con data 14/10/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal con data 15/10/2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de **Avda. Porta do Sol, 48, parroquia de Valdoviño, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº9188409NJ6298N0001ZM)**.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Santiago González Fernández e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 14 de Outubro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1239,18 €.****ICIO.- 5.700,26 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000001).

4.- APROBAR O GASTO ADICIONAL CONCILIA TEMPOS MAÑÁS 2024/25.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DE GASTO ADICIONAL NO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS 2024/25”

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, en relación á xestión do servizo “Concilia Tempos Mañás” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o curso escolar 2024/25

vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos que obra no expediente e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

INFORME COMPLEMENTARIO PARA GASTO EXTRAORDINARIO NA XESTIÓN DE “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS” PARA O CURSO 2024-2025

✓ ANTECEDENTES

En data dezaioito de setembro de dous mil vinte e catro aprobouse en Xunta de Goberno Local a continuación do servizo Concilia Tempos Mañás para o curso 2024/25 cun aumento do gasto por reforzo de persoal, pasando este curso de catro a cinco persoas monitoras por mor da maior demanda do servizo.

Ao inicio do curso comunican dende o CPI Atios a realización dunha obra que afecta á cociña e comedor, instalacións onde se viña desenvolvendo o servizo e a preparación dos almozos.

Debido a isto, foi preciso reubicar aos nenos e nenas e pasar ao pavillón do centro escolar. Este feito provoca que haxa que facer unha modificación no formato de servir os almozos ao non ter un lugar para lavar os utensilios, sendo preciso empregar material desbotable dun só uso (vasos e pratos de cartón).

Debido a este feito imprevisible, a empresa debe facer un gasto extraordinario para mercar este material mentres duran as obras (previsión de tres meses) que non está contemplado no orzamento aprobado.

✓ ORZAMENTO

O orzamento complementario que dá a empresa para a adquisición deste material é de 250 euros.

✓ VALORACION

Considerando a necesidade é preciso afrontar ese gasto para proporcionar os almozos aos nenos e nenas mentres a obra non finalice.

Valdoviño, 16 de outubro de 2024

Iria García Martínez
Educatora Social (colex.3545)

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o gasto adicional de 250 euros co fin de asumir o material necesario para desenvolver o servizo Concilia Mañás mentres duren as obras do CPI Atios.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento.

O Alcalde,

Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C004/000006).

5º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO-FUNCHAL AO ABEIRO DO PLAN AGADER 2024/2025 (REQUIRIR DOCUMENTACIÓN PARA A SÚA ADXUDICACIÓN).-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C003/000005

Obra: Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Fuchal-Plan AGADER 2024/2025

Aprobado o expediente de contratación de: “Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Fuchal” ao abeiro do Plan AGADER 2024/2025 segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 18/06/2024.

Consta a documentación técnica de José M. Saavedra Pantín-Arquitecto Técnico Colexiado número 978 de A Coruña cun importe total de 64.994,75 € (IVE incluído); IVE 11.280,08 euros; prezo sen IVE (53.714,67 €).

Licitación: procedemento aberto con único criterio de adxudicación, factor prezo, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas ofertas, en sesión de data 8 de agosto de 2024 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre A e acordou admitir aos licitadores Avanza Environmet, S. L. e José No Mantiñán e Hijos ao comprobarse correcta a documentación presentada.

En data 26 de agosto de 2024 a mesa de contratación celebración sesión para a apertura e valoración dos criterios evaluables automaticamente: 2024/C003/000005: *Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Fuchal-Plan AGADER 2024/2025*

Vista a oferta económica aperturado o sobre “C” (Oferta económica e referencias valorables automaticamente), presentada por JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. na que se fai constar que:

4º.- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA)

A) Prezo sen IVE: 53.710,00 euros.

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe 11.279,10 euros.

C) Total (A+B): 64.989,10 EUROS.

E vista a económica aperturado o sobre “C” (Oferta económica e referencias valorables automaticamente), presentada por AVANZA ENVIROMENT, S. L. na que se fai constar que:

4. .- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SO EN NUMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE 51.200,00 euros.

B) imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :21 %. Importe 10.752,00 euros

C) TOTAL (A+ B) 61.952,00 euros

Efectúase a valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 53.714,67 euros, resultando:

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

100% factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 53.710,00 euros.- Baixa (%) 0,01%.- Puntuación.- 0,05

NIF: B70385125 AVANZA ENVIRONMENT, S. L.

100% factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 51.200,00 euros.- Baixa (%) 4,68%.- Puntuación.- 21,84

Polo que a oferta presentada por AVANZA ENVIRONMENTE, S. L. resulta unha oferta anormalmente baixa. Por seguinte a Mesa de Contración, por unanimidade dos membros presentes na sesión de data 26/08/2024 ACORDOU:

1º REQUIRIR á empresa NIF: B70385125 AVANZA ENVIRONMENT, S. L. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

En data 06/09/2024 baixo o rexistro de entrada número 202499900001501 o licitador AVANZA ENVIRONMENT, S. L. presentou a documentación xustificativa da oferta incurso en baixa temeraria sendo trasladada aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe sobre a xustificación ou non da baixa anormal.

En sesión celebrada en data 17/10/2024 tomouse razón do informe técnico referido á xustificación da oferta económica presentada por AVANZA ENVIRONMENT, S. L. no que se expón:

“(…)

i. A empresa AVANZA ENVIRONEMNT, S.L. presentou unha memoria xustificativa o día 06.09.2024 (núm. rex. 202499900001501), parcialmente axustada ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1.XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 "Justificación de los precios ofertados" da memoria, como son:

- Proximidade da empresa (lugar de San Ramón núm.2, Moeche) ao ámbito das obras.
- Importa relación coas industrias e subministradores locais.

A.Materiais:

A.1 Compra:

- Achégase carta de compromiso de subministro das seguintes empresas:

. Gomez y Compañía, S.L. para os áridos.
. Quimiasfalt, S.L.L. para a emulsión asfáltica.

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia:

- Non se detallan.

B. Maquinaria:

B.1 Aluguer:

- Achégase unha táboa de tarifas de aluguer da maquinaria, sen indicar empresa á que se aluga.

B.2 Medios propios:

- Non se detallan.

C. Oferta detallada por unidades de obra:

Achégase unha oferta económica dunha obra que non se corresponde coa obxecto de licitación.

2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios 2022 e 2023.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

- Achégase declaración da empresa indicando que o cadro de persoal da empresa que se destinará á está formado por 2 persoas, que os custes laborais fixos mensuais da empresa ascenden a 3.169,95 € e que o volume de obra en execución ascenden a 197.607,64 €.
- Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social.
- Achégase declaración da empresa do persoal que se adscribirá á obra, formado por 7 traballadores, que non se corresponde co número de traballadores que forman parte do plantel da empresa, tendo en conta ademais a declaración presentada de non subcontratación de ningunha unidade de obra.
- Non se achega nómina dos traballadores.

4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

- Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos seus traballadores.

5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

- Achégase declaración da empresa que non se subcontratará ningunha unidade de obra.

ii. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa AVANZA ENVIRONEMNT, S.L. non queda xustificada a oferta económica presentada, tendo que considerarse unha oferta economicamente desproporcionada.

Este é o meu informe que, composto de 3 follas numeradas, emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra denominada: “Reforzo de rodadura nos camiños de Martices e Outeiro- Funchal”.

Por consiguiente, a **Mesa de contratación** tras tomar coñecemento do informe técnico municipal referido á non xustificación da oferta económica anormalmente baixa presentada pola empresa AVANZA ENVIRONMET, S. L

E polo tanto **RESOLVEU:**

Primeiro.- Rexeitar a oferta económica presentada por AVANZA ENVIRONMET, S. L. ao non xustificar a baixa temeraria de acordo co informe técnico indicado en virtude do artigo 149.6 da Lei 9/2007 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Segundo.- FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN do contrato de obra: **Reforzo de rodadura nos camiños de Martices e Outeiro- Funchal**” incluído no Plan AGADER 2024/2025 a favor da empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A., NIF A15013162; motivado en que é a seguinte oferta en orden de puntuación y que non está incurso en baja temeraria; previa presentación polo licitador da documentación para ser adxudicatario do contrato .

Tercero.- Elevar esta proposta ante a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación neste procedemento.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta que se detalla a continuación para a execución de contrato de obra: *Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Funchal-Plan AGADER 2024/2025:*

PREZO:

- A) Prezo sen IVE **53.710,00 €** euros

- B) Imposto sobre o valor engadido (IVA) Porcentaxe 21%. Importe **11.279,10 euros.**
- C) TOTAL (A+B) **64.989,10 € euros.”**

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación:

- a) **A garantía definitiva** (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 2.685,50 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra *Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Fuchal do Plan AGADER 2024/2025*
- b) **Certificado positivo de atoparse ao corrente** das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (**AEAT**)
- c) **Certificado positivo de atoparse ao corrente** e coa Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**) en virtude da cláusula 16.1.9.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000005).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo alcalde/